

Sucos

A historia de Suso Noya, o pintor de Villestró, non é moi distinta á doutros moitos emigrantes dos anos 60. Sendo un adolescente embarcou cara a Londres, sen embargo a súa alma sempre permaneceu na súa terra e desde hai dous anos tamén el. Tras asentarse na illa decide que a súa vida ten que se-la da pintura. Emprende así unha viaxe pola corrente realista, faina súa, navega por ela. Chega un momento no que se decata de que sucaron tódolos portos e que corre o perigo de se ver destinado a repetir mecanicamente a mesma ruta. Resístese a permanecer fondeado no realismo que o ata ó detalle e co que non se consegue máis que un efecto simplemente cosmético. O Hostal dos RR.CC. permítenos viaxar á obra de Suso Noya. Todo aquel que embarque na exposición conectará tanto co home como coa obra, para iso o artista se metamorfoseou en Santa Lucía e coa hospitalidade do galego ponnos nunha bandexiña os seus ollos para que vexámo-lo que el quere ver e sentir. Interésalle amosa-lo mundo que o rodea, procede así a observalo durante un tempo e despois pinta, como o fixeran os grandes mestres impresionistas franceses ós que está tan ligado. O non ter diante o modelo fai que o artista se teña que concentrar nas esenciais e por iso os seus motivos están cargados de enerxía, de sentimento. A técnica que emprega é o pastel anque racha co modo tradicional de manexalo. Non lle interesa debuxar e colorear, é dicir, crear unha obra decorativa, senón chegar á estrutura e ensinar, amosar cómo foi o seu proceso creativo. Xorde así unha complicidade, entre o espectador e o pintor de tal xeito que aquel percibe a paradoxalmente difícil sinxeleza á que reduciu a súa pintura: Trazos, contrastes de luz e moita forza. As cores dos seus lenzos enmarcan formas construídas con trazos que se reducen ós imprescindibles e imbúen a súa obra nunha corporeidade monumental, pero que deixan na terra as pegadas de sucos trazados polo arado.

Fátima Otero